

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

**Acta da sesión ORDINARIA
celebrada pola EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 18 de DECEMBRO de 2009**

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión PLENARIA ORDINARIA que se celebrará o venres, día 18 de decembro de 2009, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

Actas

1.-Aprobación da acta da sesión anterior, nº 11/09, do 27 de novembro.

2.-Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 23.001 á nº 25.300, de 2009.

Cooperación e Asistencia aos Concellos

3.-Aprobación da quinta fase da anualidade 2009 do Plan de cooperación cos concellos (PCC) 2008-2011.

Promoción Económica, Emprego e Turismo

4.-Aprobación da modificación do cadro de actuacións da terceira anualidade e da cuarta anualidade do PDPT Ferrol-Ortegal.

5.-Aprobación da 2ª fase do Programa de mellora da calidade turística da zona do Eume.

6.-Aprobación do proxecto reformado da ruta de sendeirismo ribeira do Bispo-Ambosores PDPT Ferrol-Ortegal. Concello de Mañón.

7.-Aprobación do convenio administrativo para promover o financiamento de obras de rehabilitación do recinto feiral de Ferrol (FIMO).

8.-Aprobación do reformado do paseo fluvial no río Portapego. PDT Portodemouros.

9.-Aprobación da modificación da obra “Remodelación-rehabilitación da Casa Reitoral de Cospindo”.

Infraestruturas Viarias: Vías e Obras Provinciais

10.-Ratificar a solicitude da declaración de “urxente expropiación” á Xunta de Galicia dos bens e dereitos afectados pola expropiación á que dea lugar a realización das obras de acondicionamento da DP 3404 Serra de Outes a Dumbría entre os p.k. 31+230 a 31+710 (Dumbría) (0911100005.0).

11.-Ratificar a solicitude da declaración de “urxente expropiación” á Xunta de Galicia dos bens e dereitos afectados pola expropiación á que dea lugar a realización das obras

trazado e afirmado da D.P. 4603 de Melide a Rivadulla do pk 0+000 a 10+430 (Melide e Santiso).

12.-Conceder un prazo de 20 días ao Concello de Cedeira, para corrixir a documentación do proxecto senda peonil na DP 2203 de Cedeira a Punta Candelaria á Capela de Santo Antonio (Cedeira) (0911300003.0).

Plans Especiais, Medio Ambiente, Contratación e Equipamento

13.-Aprobación da cuarta fase do Plan provincial de axuda contra a crise destinado ao financiamento dos gastos de reposición asociados ao mantemento dos servizos públicos esenciais dos concellos (PAC-2).

14.-Aprobación do proxecto reformado da obra “Adecuación de equipamento e aumento de xogos do parque infantil municipal r/ Pontedeume” do Concello de Sada, incluída na primeira fase do Plan especial de parques infantís 2009. Código 09.3260.0017.0.

15.-Aprobación inicial do expediente de cesión de uso ao Concello de Santiago do inmovible: “AA.VV. As Brañas de San Andrés/Pelamios”.

Economía, Facenda e Especial de Contas

16.-Dar conta da aprobación do orzamento para o exercicio 2010 do Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento.

17.- Dar conta da aprobación do orzamento para o exercicio 2010 da Fundación Axencia Enerxética provincial da Coruña (FAEPAC).

18.-Informe sobre o obxectivo de estabilidade presupostaria na “Unidade institucional Deputación Provincial da Coruña”.

19.-Aceptación da ampliación da delegación das competencias tributarias do Concello de Arteixo.

20.-Aceptación da delegación de competencias en materia de instrución de expedientes sancionadores por infraccións de normas de tráfico do Concello de Cerceda.

21.-Corrección do erro aritmético na proposta de declarar prescritas as obrigas pendentes de pagamento correspondentes aos exercicios pechados 2003 a 2005.

ACTUACIÓN DE CONTROL
MOCIÓNS
ROGOS E PREGUNTAS

DOÑA MARÍA DEL PILAR SOUTO IGLESIAS	PSOE
DON JOSÉ MANUEL TRABA FERNÁNDEZ	PP
DOÑA MARGARIDA VÁZQUEZ VERAS	BNG
DON JESÚS VEIGA SABÍN	PP
DON RAMÓN EDUARDO VELOSO RODRÍGUEZ	PSOE
DON PABLO VILLAMAR DÍAZ	BNG

O Sr. Nogueira Fernández entra comezada a sesión, na actuación de control.

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación, e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas e dez minutos, o Sr. Secretario le os asuntos incluídos na orde do día, verbo dos cales, por unanimidade, agás nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

1.-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, Nº 11/09, DO 27 DE NOVIEMBRE.

Apróbase a acta da sesión anterior, nº 11/09, do 27 de novembro.

2.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA, DA Nº 23.001 Á Nº 25.300, DE 2009.

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 23.001 á nº 25.300, de 2009.

3.-APROBACIÓN DA QUINTA FASE DA ANUALIDADE 2009 DO PLAN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS (PCC) 2008-2011.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“Vistos os proxectos e demais documentación presentados polos concellos da provincia destinatarios do Plan de cooperación cos concellos (PCC) 2008-2011, cuxas bases reguladoras foron aprobadas mediante acordo plenario do 30 de maio de 2008 e publicadas no BOP nº 128 do 5 de xuño do 2008,

1.- Aprobar a 5ª fase da anualidade 2009 do Plan de cooperación cos concellos (PCC) 2008-2011, que se financia con cargo á partida 0501/519F/76201. As cifras globais do financiamento desta fase son as que se indican a continuación, e cuxa relación de obras figura no anexo I a este acordo:

Nº de obras	3
Nº de concellos	3

FINANCIAMENTO	
Achega municipal	36.464,74
Achega deputación	692.829,79
Total	729.294,53

2.- Aprobar os correspondentes proxectos.

3.- A contratación e execución das obras realizaranas os concellos de acordo coas instrucións que figuran nas bases 7, 8 e 9 das reguladoras do plan.

O prazo para a contratación das obras incluídas nesta 5ª fase da anualidade 2009 ampliase ata o 30 de xuño de 2010.

4.- Dispor a exposición pública mediante a inserción dun anuncio no BOP para os efectos de que durante un prazo de 10 días se poidan presentar as alegacións ou reclamacións que se consideren oportunas.

5.- Remitir o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación prevista na Lei de administración local de Galicia.

6.- Unha vez transcorrido o indicado prazo de 10 días de exposición pública e remisión para informe, sen que se presentasen reclamacións ou alegacións, considerarase definitivamente aprobado o plan.”

**PCC- PLAN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS
2008/2011
5ª Fase da anualidade
2009**

Anexo 1: Obras da 5ª fase anualidade 2009 do Plan de cooperación provincial (PCC)
2008/2011

CONCELLO	Código de obra	DENOMINACIÓN	DEPUTACIÓN	CONCELLO	TOTAL
BOIMORTO	09. 3300. 0116 0	SANEAMENTO EN BRATES	314.012,69	16.526,98	330.539,67
			314.012,69	16.526,98	330.539,67
CABANAS	09. 3300. 0117 0	SANEAMENTO EN SAN MARTIÑO DO PORTO	283.817,10	14.937,76	298.754,86
			283.817,10	14.937,76	298.754,86
SOMOZAS	09. 3300. 0118 0	SAN. E DEPURACIÓN EN PENADEIRIZ E OUTROS	95.000,00	5.000,00	100.000,00
			95.000,00	5.000,00	100.000,00
		TOTAL	692.829,79	36.464,74	729.294,53
		NUMERO DE OBRAS		3	
		NÚMERO DE CONCELLOS		3	

4.-APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO CADRO DE ACTUACIÓNS DA TERCEIRA ANUALIDADE E DA CUARTA ANUALIDADE DO PDPT FERROL-ORTEGAL.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“1.- MODIFICACIÓN DAS ACTUACIÓNS DE TERCEIRA ANUALIDADE DO PLAN DE DINAMIZACIÓN DE PRODUTO TURÍSTICO FERROL-ORTEGAL:

Nº	ACTUACION	PRESUPOSTO PLENO 25/09/2009	PRESUPOSTO ACTUALIZADO	ECONOMIA (C-0)
	PROXECTO			
1	POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO EN TORNO AOS CAMIÑOS DE PEREGRINACIÓN (II)	163.564,66 €	194.652,66 €	-31.088,00 €
1.1	Rehabilitación da Casa Reitoral na contorna arquitectónica de Sta María da Pedra para a creación de albergue (Cariño)	88.321,06 €	119.409,06 €	-31.088,00 €
1.2	Rehabilitación da ermida de Santo Antonio de Neda	2.934,80 €	2.934,80 €	0,00 €
1.3	Acondicionamento do Adro de Santa María e da contorna da ermida de Santo Antonio (Neda)	72.308,80 €	72.308,80 €	0,00 €
2	POTENCIACIÓN TURISMO NAUTICO E DEPORTIVO, SOSTIBLE E ACCESIBLE	24.999,72 €	24.999,72 €	0,00 €
2.1	Apoio a Pantín Classic 2008	24.999,72 €	24.999,72 €	0,00 €
3	INFRAESTRUTURAS DE INFORMACIÓN TURÍSTICA E DE RECEPCIÓN DE VISITANTES	206.196,08 €	159.732,00 €	46.464,08 €
	3.1	206.196,08 €	159.732,00 €	
4	POSTA EN VALOR DOS RECURSOS EN TORNO Á RUTA MEDIEVAL (II)	221.449,32 €	221.449,32 €	0,00 €
4.1	Remodelación do adro do Convento do Rosario (San Sadurniño)	175.497,85 €	175.497,85 €	0,00 €
4.2	Restauración da fachada do Convento do Rosario (San Sadurniño)	45.951,47 €	45.951,47 €	
5	PLAN DE COMUNICACIÓN E COMERCIALIZACIÓN (II)	158.858,21 €	174.234,29 €	-15.376,08 €
5.1	Asistencia a eventos	20.000,00 €	20.000,00 €	
5.2	Material temático de Promoción	45.159,40 €	45.159,40 €	
5.3	Promoción PDPT	93.698,81 €	109.074,89 €	
6	XERENCIA DO PLAN	54.000,00 €	54.000,00 €	0,00 €
6.1	Xerencia do Plan (01/04/08-31/03/09)	54.000,00 €	54.000,00 €	
7	SINALIZACIÓN TURÍSTICA	106.392,01 €	106.392,01 €	0,00 €
7.1	Sinalización Turística	106.392,01 €	106.392,01 €	
	TOTAL TERCEIRA ANUALIDADE	935.460,00 €	935.460,00 €	0,00 €

- A actuación “CREACIÓN DE NOVOS PRODUTOS TURÍSTICOS EN TORNO AOS CAMIÑOS DE PEREGRINAXE (I)”, sofre un aumento na partida de 31.088,00 €, ao incrementar o investimento da “Rehabilitación da Casa Reitoral de Santa María da Pedra” , quedando o investimento final en **194.652,66 €**.

- A actuación “**INFRAESTRUTURAS DE INFORMACIÓN TURÍSTICA E DE RECEPCIÓN DE VISITANTES**”, sofre unha baixa na partida de 46.464,08€ por baixas na adxudicación do concurso, cun orzamento final de 159.732,00€.
- A actuación “**PLAN DE COMUNICACIÓN E COMERCIALIZACIÓN**” aumenta a súa dotación en 15.376,08€ o que supón un orzamento final de **174.234,29€**.

2.- COMPARATIVA DE IMPORTES E ACTUACIÓNS DA TERCEIRA ANUALIDADE CON RESPECTO AO ANTERIORMENTE APROBADO POLO PLENO DA DEPUTACIÓN

Nº	ACTUACION	PRESUPUESTO PLENO 25/09/2009	PRESUPUESTO ACTUALIZADO
	PROXECTO		
1	POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO EN TORNO AOS CAMIÑOS DE PEREGRINACIÓN (II)	163.564,66 €	194.652,66 €
1.1	Rehabilitación da Casa Reitoral na contorna arquitectónica de Sta María da Pedra para a creación de albergue (Cariño)	88.321,06 €	119.409,06 €
1.2	Rehabilitación da ermida de Santo Antonio de Neda	2.934,80 €	2.934,80 €
1.3	Acondicionamento do Adro de Santa María e da contorna da ermida de Santo Antonio (Neda)	72.308,80 €	72.308,80 €
2	POTENCIACIÓN TURISMO NAUTICO E DEPORTIVO, SOSTIBLE E ACCESIBLE	24.999,72 €	24.999,72 €
2.1	Apoio a Pantín Classic 2008	24.999,72 €	24.999,72 €
3	INFRAESTRUTURAS DE INFORMACIÓN TURÍSTICA E DE RECEPCIÓN DE VISITANTES	206.196,08 €	159.732,00 €
3.1	Actuacións na área recreativa do Toxo (Cedeira)	206.196,08 €	159.732,00 €
4	POSTA EN VALOR DOS RECURSOS EN TORNO Á RUTA MEDIEVAL (II)	221.449,32 €	221.449,32 €
4.1	Remodelación do adro do Convento do Rosario (San Sadurniño)	175.497,85 €	175.497,85 €
4.2	Restauración da fachada do Convento do Rosario (San Sadurniño)	45.951,47 €	45.951,47 €
5	PLAN DE COMUNICACIÓN E COMERCIALIZACIÓN (II)	158.858,21 €	174.234,29 €
5.1	Asistencia a eventos	20.000,00 €	20.000,00 €
5.2	Material temático de Promoción	45.159,40 €	45.159,40 €
5.3	Promoción PDPT	93.698,81 €	109.074,89 €
6	XERENCIA DO PLAN	54.000,00 €	54.000,00 €
6.1	Xerencia do Plan (01/04/08-31/03/09)	54.000,00 €	54.000,00 €
7	SINALIZACIÓN TURÍSTICA	106.392,01 €	106.392,01 €
7.1	Sinalización Turística	106.392,01 €	106.392,01 €
	TOTAL TERCEIRA ANUALIDADE	935.460,00 €	935.460,00 €

3.- MODIFICACIÓN DAS ACTUACIÓNS DE CUARTA ANUALIDADE DO PLAN DE DINAMIZACIÓN DE PRODUTO TURÍSTICO FERROL-ORTEGAL:

Nº	ACTUACION	PRESUPUESTO PLENO 25/09/09	PRESUPUESTO ACTUALIZADO	ECONOMIA (C-0)
	PROXECTO			
1	POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO EN TORNO AOS CAMINOS DE PEREGRINACIÓN (III)	192.001,44 €	192.001,44 €	0,00 €
1.1	Execución da Ruta de Santo André de Teixido. (Bares-Santo André)	132.001,44 €	132.001,44 €	0,00 €
1.2	Camiños milenarios de Santo André de Teixido (2ª fase)	60.000,00 €	60.000,00 €	0,00 €
2	INFRAESTRUTURAS DE INFORMACIÓN TURÍSTICA E DE RECEPCIÓN DE VISITANTES	191.600,00 €	191.600,00 €	0,00 €
2.1	Creación dun centro de recepción de visitantes en Ortigueira	191.600,00 €	191.600,00 €	
3	POSTA EN VALOR DOS RECURSOS E CREACIÓN DE NOVOS PRODUTOS	113.800,00 €	113.800,00 €	0,00 €
3.1	Revalorización da batería da Bailadora (Ares)	113.800,00 €	113.800,00 €	
4	PLAN DE COMUNICACIÓN E COMERCIALIZACIÓN (II)	76.157,57 €	153.765,56 €	-77.607,99 €
4.1	Plan de comunicación 4ª anualidade	76.157,57 €	153.765,56 €	-77.607,99 €
5	CREACIÓN DE RUTAS TEMÁTICAS	110.000,00 €	110.000,00 €	0,00 €
5.1	Creación de Ruta interpretación patrimonio natural e cultural II (Mugardos)	60.000,00 €	60.000,00 €	
5.2	Creación de rutas en Ferrol-Ortegal apoiadas en novas tecnoloxías (audioguías)	50.000,00 €	50.000,00 €	
6	XERENCIA DO PLAN	54.000,00 €	36.000,00 €	18.000,00 €
6.1	Xerencia do Plan (01/04/09-31/03/10)	54.000,00 €	36.000,00 €	18.000,00 €
7	MUPIS INFORMATIVOS (PIMS)	48.000,00 €	48.000,00 €	0,00 €
7.1	Mupis informativos (PIMS)	48.000,00 €	48.000,00 €	
9	SINALIZACIÓN TURÍSTICA (II)	59.607,99€	0,00€	-59.607,99 €
9.1	Sinalización Turística (II)	59.607,99€	0,00€	
	TOTAL CUARTA ANUALIDADE	845.167,00 €	845.167,00 €	0,00 €

- A actuación “PLAN DE COMUNICACIÓN E COMERCIALIZACIÓN II”, aumenta a súa partida en 77.607,99€, sendo o orzamento definitivo 153.765,56€
- A actuación “XERENCIA DO PLAN”, sofre unha baixa na súa partida en 18.000,00€, quedando un importe final de 36.000,00€

- A actuación “SINALIZACIÓN TURÍSTICA” desaparece desta anualidade, quedando a súa partida a 0€.

4.- COMPARATIVA DE IMPORTES E ACTUACIÓNS DE CUARTA ANUALIDADE CON RESPECTO AO ANTERIORMENTE APROBADO POLO PLENO DA DEPUTACIÓN

Nº	ACTUACION	PRESUPUESTO PLENO 25/09/09	PRESUPUESTO ACTUALIZADO
	PROXECTO		
1	POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO EN TORNO AOS CAMINOS DE PEREGRINACIÓN (III)	192.001,44 €	192.001,44 €
1.1	Execución da Ruta de Santo André de Teixido. (Bares-Santo André)	132.001,44 €	132.001,44 €
1.2	Camiños milenarios de Santo André de Teixido (2ª fase)	60.000,00 €	60.000,00 €
2	INFRAESTRUTURAS DE INFORMACIÓN TURÍSTICA E DE RECEPCIÓN DE VISITANTES	191.600,00 €	191.600,00 €
2.1	Creación dun centro de recepción de Visitantes en Ortigueira	191.600,00 €	191.600,00 €
3	POSTA EN VALOR DOS RECURSOS E CREACIÓN DE NOVOS PRODUTOS	113.800,00 €	113.800,00 €
3.1	Revalorización da batería da Bailadora (Ares)	113.800,00 €	113.800,00 €
4	PLAN DE COMUNICACIÓN E COMERCIALIZACIÓN (II)	76.157,57 €	153.765,56 €
4.1	Plan de comunicación 4ª anualidade	76.157,57 €	153.765,56 €
5	CREACIÓN DE RUTAS TEMÁTICAS	110.000,00 €	110.000,00 €
5.1	Creación de Ruta interpretación patrimonio natural e cultural II (Mugardos)	60.000,00 €	60.000,00 €
5.2	Creación de rutas en Ferrol-Ortegal apoiadas en novas tecnoloxías (audioguías)	50.000,00 €	50.000,00 €
6	XERENCIA DO PLAN	54.000,00 €	36.000,00 €
6.1	Xerencia do Plan (01/04/09-31/03/10)	54.000,00 €	36.000,00 €
7	MUPIS INFORMATIVOS (PIMS)	48.000,00 €	48.000,00 €
7.1	Mupis informativos (PIMS)	48.000,00 €	48.000,00 €
9	SINALIZACIÓN TURÍSTICA (II)	59.607,99€	0,00€
9.1	Sinalización Turística (II)	59.607,99€	0,00€
	TOTAL CUARTA ANUALIDADE	845.167,00 €	845.167,00 €

Todas as actuacións citadas da terceira e cuarta anualidade son financiadas con cargo á partida 0305/751/628.01 Cód. Prox. 2007.3.80010.2, 2008.3.80010.2 e2009.3.80010.2

5.-UNHA VEZ APROBADAS AS MODIFICACIÓNS DAS ACTUACIÓNS CITADAS NOS PUNTOS DO 1 AO 4 DO PRESENTE ACORDO ANULAR OS DOCUMENTOS CONTABLES QUE SE INCORPORAN COMO ANEXOS DE 1 BIS A 3 BIS A ESTE DITAME
anexo 1

Nº	ACTUACION	PRESUPOSTO PLENO 25/09/2009	PRESUPOSTO ACTUALIZADO	DIFERENZA	ALTA	BAIXA
	PROXECTO					
1	POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO EN TORNO AOS CAMIÑOS DE PEREGRINACIÓN (II)	163.564,66 €	194.652,66 €	31.088,00 €	31.088,00	0,00
1.1	Rehabilitación da Casa Reitoral na contorna arquitectónica de Sta María da Pedra para a creación de albergue (Cariño)	88.321,06 €	119.409,06 €	31.088,00 €	31.088,00	0,00
1.2	Rehabilitación da ermida de Santo Antonio de Neda	2.934,80 €	2.934,80 €	0,00 €	0,00	0,00
1.3	Acondicionamento do Adro de Santa María e da contorna da ermida de Santo Antonio (Neda)	72.308,80 €	72.308,80 €	0,00 €	0,00	0,00
3	INFRAESTRUTURAS DE INFORMACIÓN TURÍSTICA E DE RECEPCIÓN DE VISITANTES	206.196,08 €	159.732,00 €	-46.464,08 €	0,00	-46.464,08
3.1	Actuacións na área recreativa do Toxo (Cedeira)	206.196,08 €	159.732,00 €	-46.464,08 €	0,00	-46.464,08
5	PLAN DE COMUNICACIÓN E COMERCIALIZACIÓN (II)	158.858,21 €	174.234,29 €	15.376,08 €	15.376,08	0,00
5.1	Asistencia a eventos	20.000,00 €	20.000,00 €	0,00 €	0,00	0,00
5.2	Material temático de Promoción	45.159,40 €	45.159,40 €	0,00 €	0,00	0,00
5.3	Promoción PDPT	93.698,81 €	109.074,89 €	15.376,08 €	15.376,08	0,00
	TOTAL TERCEIRA ANUALIDADE	528.618,95 €	528.618,95 €	0,00 €	46.464,08	-46.464,08

ANEXO 1 BIS

3ª ANUALIDADE - DOCUMENTOS CONTABLES

Nº	ACTUACION	TIPO DOCUMENTO	Nº OPERAC.	BAIXA
PROXECTO				
3	INFRAESTRUTURAS DE INFORMACIÓN TURÍSTICA E DE RECEPCIÓN DE VISITANTES	RC/	220090008520	46.464,08
3.1	Actuacións na área recreativa do Toxo (Cedeira)	A/	220090008748	46.464,08
			TOTAL BAIXAS	46.464,08

Nº	ACTUACION	TIPO DOCUMENTO	ALTA	
PROXECTO				
1	POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO EN TORNO AOS CAMINOS DE PEREGRINACIÓN (II)	RC	31.088,00	
1.1	Rehabilitación da Casa Reitoral na contorna arquitectónica de Sta María da Pedra para a creación de albergue (Cariño)	A	31.088,00	
5	PLAN DE COMUNICACIÓN E COMERCIALIZACIÓN (II)	RC	15.376,08	
5.3	Promoción PDPT	A	15.376,08	
			TOTAL ALTAS	46.464,08

ANEXO 2
4ª ANUALIDADE

Nº	ACTUACION	TIPO DOCUMENTO	Nº OPERAC.	BAIXA
PROXECTO				
6	XERENCIA DO PLAN	RC/	220090008531	18.000,00
6.1	Xerencia do Plan (01/04/09-31/03/10)	A/	220090008769	18.000,00
9	SINALIZACIÓN TURÍSTICA (II)	RC/	220090038585	59.607,99
9.1	Sinalización Turística (II)	A/	220090039100	59.607,99
			TOTAL BAIXAS	77.607,99 €
Nº	ACTUACION	TIPO DOCUMENTO	ALTA	
PROXECTO				
4	PLAN DE COMUNICACIÓN E COMERCIALIZACIÓN (II)	RC	77.607,99	
4.1	Plan de comunicación 4ª anualidade	A	77.607,99	
			TOTAL ALTAS	77.607,99 €

ANEXO 2 BIS
4ª ANUALIDADE - DOCUMENTOS CONTABLES

Nº	ACTUACION	TIPO DOCUMENTO	Nº OPERAC.	BAIXA
	PROXECTO			
6	XERENCIA DO PLAN	RC/	220090008531	18.000,00
6.1	Xerencia do Plan (01/04/09-31/03/10)	A/	220090008769	18.000,00
9	SINALIZACIÓN TURÍSTICA (II)	RC/	220090038585	59.607,99
9.1	Sinalización Turística (II)	A/	220090039100	59.607,99
	TOTAL BAJAS			77.607,99 €

Nº	ACTUACION	TIPO DOCUMENTO	ALTA
	PROXECTO		
4	PLAN DE COMUNICACIÓN E COMERCIALIZACIÓN (II)	RC	77.607,99
4.1	Plan de comunicación 4ª anualidade	A	77.607,99
	TOTAL ALTAS		77.607,99 €

5.-APROBACIÓN DA 2ª FASE DO PROGRAMA DE MELLORA DA CALIDADE TURÍSTICA DA ZONA DO EUME.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“1º- Aprobar a 2ª fase da anualidade 2009 do Programa de mellora da calidade turística da zona do Eume. A relación de investimentos contidos nesta anualidade o detalle das obras e servizos a executar en cada concello, quedan establecidos nos termos incorporados no presente cadro:

Concello	Código	Actuación	2ª Fase anualidade 2009		Total
			Deputa.	Conc.	
Cabanas	09.4700.0006.0	Sinalización viaria municipal	,35	45.068	,35 45.068
	09.4700.0007.0	Pistas de pádel e drenaxe de equipamento deportivo e espazo libre dotacional na Veiga	,65	74.931	,65 74.931
A Capela	09.4700.0008.0	Rehabilitación da Escola de Guitiriz	,19	82.910	- ,19 82.910
	09.4700.0009.0	Obras de conservación e mantemento da Casa dos Laoeiros 1ª fase	,81	37.089	- ,81 37.089
TOTAL			,00	240.000	,00 240.000

2º Condicionar a aprobación da presente fase do plan previa á obtención dos permisos e autorizacións recollidos no presente acordo que se citan na seguinte relación:

Concello	Código	Actuación	OBSERVACIÓNS
Cabanas	09.4700.0006.0	Sinalización viaria municipal	- Necesita autorizacións da COPTOPT, Deputación e Consellería de Medio Ambiente.

O Concello de Cabanas deberá acreditar con carácter previo á contratación das obras e xustificar perante a Deputación a obtención dos permisos e autorizacións que lle competan .

Para estes efectos, o concello deberá remitirle á Deputación as certificacións acreditativas da obtención de todas e cada unha das autorizacións, licenzas e permisos aos que queda condicionada á aprobación do presente acordo. Unha vez que a Deputación valide o cumprimento desta condición, o concello poderá tramitar a contratación das obras.

3º.- A contratación das obras e servizos incorporados no presente acordo da anualidade 2009 do programa delégase nos concellos respectivos conforme aos seguintes criterios:

A contratación das obras farana os respectivos concellos por delegación da deputación, e deberán realizala antes do día 30 de marzo do ano seguinte á aprobación do programa. Non obstante, este prazo poderase ampliar mediante Resolución de Presidencia, logo da solicitude motivada do concello.

A contratación realizarase de acordo coa Lei 30/2007 do 30 de outubro de contratos do sector público, utilizando os pregos-tipo de cláusulas administrativas particulares aprobadas expresamente por esta Deputación.

Excepcionalmente, as obras poderán ser executadas pola propia administración de acordo co establecido no artigo 24 da devandita norma.

As baixas que se produzan no programa destinaranse a minorar a achega voluntaria municipal que se realice ata anular, se for posible, a dita achega. En caso de que a actuación non teña achega municipal a baixa destinarase a minorar a achega provincial da correspondente actuación.

Unha vez adxudicadas as obras e/ou as actuacións de investimento deberá remitirse á esta Deputación a seguinte documentación:

- Documento administrativo no que se formalicen os correspondentes contratos.
 - Listaxe de obras e investimentos con datos de adxudicación debidamente cubertos no modelo anexo II.
 - Documentación xustificativa da elección do procedemento e forma de adxudicación, xustificación da publicidade da licitación, relación de ofertas cos seus respectivos importes, aplicación dos criterios de adxudicación e informes técnicos xustificativos das valoracións aplicadas ás ofertas presentadas.

No caso de que as execute a propia administración, deberá presentarse o informe do secretario do concello no que se indique cal dos supostos é de aplicación ao caso concreto, dos contidos no artigo 24 da citada Lei 30/2007 de contratos do sector público.

A xustificación da realización dos investimentos efectuarana os respectivos concellos presentando a certificación de execución das obras.

No caso de adquisición de equipamentos a xustificación efectuarana os concellos presentando a certificación do acordo polo que se aprobou a adquisición do equipamento, xunto coa copia, no caso de ben inmovible, da escritura pública de adquisición e no resto dos casos a certificación da aprobación da factura e demais documentos xustificativos polo órgano de Contratación. Así mesmo achegarase a certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens do concello e, no seu caso, acreditación da inscrición rexistral a prol deste.

O libramento ao concello do importe da achega provincial realizarse á vista das certificacións das obras remitidas polo concello, que haberán de presentar no modelo

oficial existente na deputación, e que figuran na súa páxina web, debidamente aprobadas polo concello e por triplicado exemplar. Procurarase que as certificacións sexan dun importe non inferior a 6.000 €, salvo na última certificación.

A deputación transferiralle ao concello o importe correspondente aos investimentos realizados, previa verificación da adecuación das certificacións ao proxecto aprobado no programa.

Coa primeira certificación deberán xuntarse as dúas fotografías onde se reflecta o propio cartel, conforme ao modelo establecido, e a súa colocación na obra.

Ao remate da obra, coa última certificación de execución, deberase achegar a correspondente acta de recepción.

Coa última certificación terá que acompañarse a certificación expresa do concello de que non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento da obra, ou no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a execución da obra, que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

O concello deberá comunicarlle á deputación a data na que estea prevista a celebración da recepción da obra, posto que esta deputación ten previsto acudir a algúns dos anteditos actos de recepción para verificar a correcta execución da obra.

Con carácter previo ao pagamento da achega provincial, deberá acreditarse que o concello está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. En todo caso, se o concello tivese débedas vencidas, líquidas esixibles por ingresos de dereito público provincial, autorízase á deputación para que o pagamento da súa achega sexa por compensación.

4º O financiamento das achegas provinciais ás obras seralle imputado á partida 0305/751.A/762.01 do vixente presuposto da Corporación. O presuposto total da achega provincial á proposta da 2ª fase da anualidade 2009 ascende polo tanto a 240.000,00 €.

5º Dispoñer a exposición pública da 2ª fase da anualidade do plan 2009 mediante a inserción dun anuncio no BOP para os efectos de que poidan presentarse alegacións, entendéndose definitivamente aprobada no caso de non presentarse ningunha.

6º Notificar o presente acordo ás administracións citadas no punto 2º para os efectos de que teñan coñecemento das preceptivas autorización e permisos relacionados nas obras ás que fan referencia.

7º.- Facultar ao presidente para canto proceda en orde á xestión do presente acordo".

6.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA RUTA DE SENDEIRISMO DE RIBEIRA DO BISPO-AMBOSORES PDPT FERROL-ORTEGAL. CONCELLO DE MAÑÓN.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“1.- Aprobar o proxecto “Reformado da ruta de sendeirismo de ribeira do Bispo-Ambosores “(2007380010002), Mañón (código do proxecto reformado) polo seu presuposto de contrata de 248.782,98 €, que representa un incremento respecto ao primitivo de 41.327,58 €.

2.- Formalizar en documento administrativo, co adxudicatario do contrato primitivo CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO S.L. (B 15072713), as modificacións do contrato que aplicando a baixa de adxudicación supón un novo presuposto de adxudicación de 179.671,80 €, que representa un incremento respecto ao primitivo de 29.846,90 €.

3.- Modificar a contía da garantía definitiva que queda incrementada na cantidade de 1.193,88 €, que deberá ingresar o contratista na Caixa da Corporación dentro do prazo máximo de 15 días, unha vez aprobada a modificación do contrato, quedando, polo tanto, fixada a garantía co citado incremento na cantidade de 7.186,88 €.”

7.-APROBACIÓN DO CONVENIO ADMINISTRATIVO PARA PROMOVER O FINANCIAMENTO DE OBRAS DE REHABILITACIÓN DO RECINTO FEIRAL DE FERROL (FIMO).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

"1.- Aprobar o texto do convenio a subscribir entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Consorcio ProFeiras e Exposicións de Ferrol, FIMO para financiar a execución das obras de adecuación do Recinto Feiral de Ferrol.

2.- A achega provincial prevista no convenio ascende a un total de 249.999,58 euros.

A achega poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0305/721A/767.01.

3.- O texto íntegro do convenio é o seguinte:

A Coruña, de dous mil nove

REUNIDOS

Dunha parte, o Excmo. Señor D. Salvador Fernández Moreda, como presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña, asistido polo secretario xeral da Corporación D. José Luis Almáu Supervía.

Doutra parte D. , en representación do Consorcio ProFeiras e Exposicións de Ferrol.

EXPOÑEN:

1.- Que a Excma. Deputación provincial de A Coruña e o Consorcio ProFeiras de Ferrol consideran de grande interese o obxectivo de financiar de maneira conxunta o proxecto que se incorpora ao presente convenio.

2.- Que a Deputación da Coruña é receptiva ao acondicionamento e mellora no recinto feiral de Ferrol.

3.- Que, dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e o Consorcio ProFeiras de Ferrol, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o CONSORCIO PROFEIRAS E EXPOSICIÓN, CIF V-15060478, para o financiamento das Obras de Rehabilitación do Recinto Feiral de Ferrol, tal como aparece definida esta no proxecto de execución, redactado por Don Julio César Díaz del Valle, enxeñeiro industrial, colexiado Nº 1.395, que foi visado polo COLEXIO Oficial de Enxeñeiros de Galicia.

O CONSORCIO PROFEIRAS E EXPOSICIÓN DE FERROL, na súa condición de promotora da obra, obrígase a obter, con carácter previo, as autorizacións administrativas que sexan necesarias, así como a preceptiva licenza urbanística, e a satisfacer as taxas e impostos que se devenguen por tal causa.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O presuposto total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase do seguinte xeito:

DESCRICIÓN	PRECIO
ORZAMENTO Nº 4 CUBERTA	60.040,94

ORZAMENTO PARCIAL Nº 5 ALBAÑILERIA	121.065,68
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN MATERIAL - TOTAL	181.106,62
13% DE GASTOS XERAIS	23.543,86
6% DE BENEFICIO INDUSTRIAL	10.866,40
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA	215.516,88
I.V.E. 16%	34.482,70
TOTAL ORZAMENTO	249.999,58

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 249.999,58 €, o que representa unha porcentaxe do 100 %.

No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total establecido na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 100 % da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento establecido na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0305/721A/767.01, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo e sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

2. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CONSORCIO PROFEIRAS E EXPOSICIÓNS DE FERROL obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere, en ningún caso, o importe total do gasto efectivamente xustificado.

No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Na condición de promotor, corresponderalle ao CONSORCIO PROFEIRAS E EXPOSICIÓN DE FERROL o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.
2. Con carácter previo á contratación, O CONSORCIO PROFEIRAS E EXPOSICIÓN DE FERROL deberá solicitar, polo menos, tres orzamentos a distintos construtores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaía sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.
3. A contratación cos terceiros para a execución total ou parcial das obras realizarase con suxeición ás normas de contratación do sector público, utilizando para tal fin os pregos-tipo da Deputación provincial para os procedementos abertos e garantindo, en todo caso, os principios de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación. Poderá xustificarse a utilización do prego-tipo para o procedemento negociado cando razóns de carácter técnico ou artístico dificulten ou impidan promover a concorrencia. Na procedemento de contratación deberá participar un funcionario provincial, designado polo presidente da Corporación, que formará parte da Comisión técnica que avalíe as ofertas dos licitadores.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, O CONSORCIO PROFEIRAS E EXPOSICIÓN DE FERROL estará obrigado a colocar un cartel que sexa visible, polo menos, a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.
2. Rematada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA DA DEPUTACIÓN

1. A achega da Deputación seralle abonada ao CONSORCIO PROFEIRAS E EXPOSICIÓN DE FERROL a medida que se vaian expedindo as correspondentes certificacións de obra, aplicándose sobre o seu importe o coeficiente de financiamento provincial. Para tal efecto, o CONSORCIO PROFEIRAS E EXPOSICIÓN DE

FERROL deberá achegar a seguinte documentación (documentos orixinais ou, no seu caso, debidamente compulsados):

- Copia do contrato e do expediente de contratación, certificación de obra subscrita polo técnico-director e polo contratista
- Factura expedida polo contratista. No caso de que se presente unha fotocopia compulsada, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña
- Certificación da súa aprobación polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Designación de conta bancaria no modelo aprobado pola Deputación provincial e debidamente certificado pola entidade financeira.

Asemade, coa derradeira certificación de obra, deberase aportar acta de recepción e acreditación, no seu caso, do cumprimento das obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso) e da inscrición de nota marxinal no Rexistro da propiedade na que se deixe constancia do financiamento provincial e da afectación do inmovible á finalidade para a que foi concedida a subvención polo menos por un prazo de DEZ anos.

Os xustificantes que se acheguen deberán estar comprendidos entre o 01.01.2009 ata o 30.10.2010. As achegas da Deputación aos gastos xustificados no ano 2010 poderán ser aboadas previa a consignación de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos da Deputación do ano 2010, circunstancia á que quedan condicionadas.

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas, polo menos, TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula NOVENA.

2. Unha vez rematadas as obras, o CONSORCIO PROFEIRAS E EXPOSICIÓNS DE FERROL deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula NOVENA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido ningunha xustificación, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao CONSORCIO PROFEIRAS E EXPOSICIÓNS DE FERROL para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONSORCIO PROFEIRAS E EXPOSICIÓNS DE FERROL da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 54.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONSORCIO PROFEIRAS E EXPOSICIÓNS DE FERROL na documentación aportada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o CONSORCIO PROFEIRAS E EXPOSICIÓNS DE FERROL terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O CONSORCIO PROFEIRAS E EXPOSICIÓNS DE FERROL deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O CONSORCIO PROFEIRAS E EXPOSICIÓNS DE FERROL destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte imposible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o CONSORCIO PROFEIRAS E EXPOSICIÓNS DE FERROL deberá contar, polo menos, cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonante co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o CONSORCIO PROFEIRAS E EXPOSICIÓNS DE FERROL poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración e a lexislación citada anteriormente.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CONSORCIO PROFEIRAS E EXPOSICIÓNS DE FERROL queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas establecidas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións establecidas nas normas citadas e na Base 54^a das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 54.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o

atraso na realización das obras actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción establecida na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONSORCIO PROFEIRAS E EXPOSICIONS DE FERROL serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade establecida no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o establecido no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CONSORCIO PROFEIRAS E EXPOSICIONS DE FERROL será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá efectos retroactivos dende o 01.01.2009 e conservará a súa vixencia ata o 31.10.2010

2. Previa solicitude do CONSORCIO PROFEIRAS E EXPOSICIONS DE FERROL, realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicararanse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

“E, en proba da súa conformidade, as partes comparecentes asinan o presente convenio en exemplar cuadriplicado, no lugar e data indicados no encabezamento”.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
DA CORUÑA

Salvador Fernández Moreda

8.- APROBACIÓN DO REFORMADO DO PASEO FLUVIAL NO RÍO PORTAPEGO. PDT PORTODEMOUROS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“1.- Aprobar o proxecto reformado denominado Paseo fluvial no río Portapego T.M. de Touro (2007 3 80010 003) polo seu presuposto de contrata de 143.971,64 €, que representa un incremento respecto ao primitivo de 23.971,64 €.

2.- Formalizar en documento administrativo, co adxudicatario do contrato primitivo PROYECTA ACTIVIDADES DE LA CONSTRUCCIÓN S.L. B70146923 as modificacións do contrato que aplicando a baixa de adxudicación supón un novo

presuposto de adjudicación de 107.230,04 €, que representa un incremento respecto ao primitivo de 17.854,07 €.

3.- Modificar a contía da garantía definitiva que queda incrementada na cantidade de 769,57 €, que deberá ingresar o contratista na Caixa da Corporación dentro do prazo máximo de 15 días unha vez aprobada a modificación do contrato, quedando por tanto fixada a garantía co citado incremento na cantidade de 4.621,98 €.”

9.- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DA OBRA “REMODELACIÓN-REHABILITACIÓN DA CASA REITORAL DE COSPINDO”.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“1.- Aprobar o proxecto reformado denominado “Remodelación-rehabilitación da Casa Reitoral de Cospindo, Ponteceso, polo seu presuposto de contrata de 215.895,07 €, que representa un incremento respecto ao primitivo de 35.895,07 €.

2.- Formalizar en documento administrativo, co adjudicatario do contrato primitivo CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO S.L. B15072713, as modificacións do contrato que aplicando a baixa de adjudicación supón un novo presuposto de adjudicación de 214.695,65 €, que representa un incremento respecto ao primitivo de 35.695,65 €.

3.- Modificar a contía da garantía definitiva que queda incrementada na cantidade de 1.427,83€, que deberá ingresar o contratista na Caixa da Corporación dentro do prazo máximo de 15 días unha vez aprobada a modificación do contrato, quedando por tanto fixada a garantía co citado incremento na cantidade de 8.587,83 €.”

10.- RATIFICAR A SOLICITUDE DA DECLARACIÓN DE “URXENTE EXPROPIACIÓN” Á XUNTA DE GALICIA DOS BENS E DEREITOS AFECTADOS POLA EXPROPIACIÓN Á QUE DEA LUGAR A REALIZACIÓN DAS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DA DP 3404 SERRA DE OUTES A DUMBRÍA ENTRE OS P.K. 31+230 A 31+710 (DUMBRÍA) (0911100005.0).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“1. Dar por rematada a fase de información pública no expediente de expropiación que se segue para a execución da obras incluído no proxecto ACONDICIONAMENTO DA D. P. 3404 SERRA DE OUTES A DUMBRÍA ENTRE OS PK 31+230 A 31+710 (DUMBRÍA) (0911100005.0)

2. Desestimar as alegacións presentadas xa que non desvirtúan a necesidade da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados e por expoñer cuestións que deberán dilucidarse nas fases posteriores do expediente de expropiación, tendo en conta que, de conformidade co informe emitido por ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO S.A., ao que

deu a súa conformidade o xefe do Servizo de Vías e Obras é preciso facer as seguintes consideracións:

O propietario do predio fai constar que os predios 4 e 5 constitúen un único predio. Porén debe terse en conta que a descrición das parcelas axustouse á configuración que figura na Xerencia Territorial do Catastro. Non obstante, poderase rectificar sempre que a propiedade así o acredite coa achega do título e o plano da concentración parcelaria.

O propietario manifesta que os terreos son edificables. Ao respecto cabe manifestar que o concello non dispón de Plan xeral, polo que ao non considerar acreditado que se trata de terreos edificables, e reunir os requisitos establecidos nos apartados 1 e 2 da Disposición adicional segunda da Lei 9/2002 do 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, resulta aplicable o apartado 3 que dispón que “no resto dos terreos aplicárase o réxime do solo rústico establecido na presente lei”.

En consecuencia, e sen prexuízo de que se acheguen as probas acreditativas necesarias para desvirtuar o exposto, en cuxo caso realizaríanse as correccións ou modificacións que fosen oportunas, propónse, xa que logo, desestimar as alegacións presentadas.

3. Ratificar a solicitude de declaración de "urxente expropiación" á Xunta de Galicia dos bens e dereitos afectados pola expropiación á que dea lugar a realización da obra indicada, tendo en conta, que no presente caso existen razóns de urxencia que fan necesaria a execución da citada obra, tales como que:

A estrada DP-3404 de Serra de Outes a Dumbría (intersección co AC-199) ten unha lonxitude total de 32.800 metros.

Na súa parte final desdóbrase en dous tramos que finalizan no AC-199, antigo AC-552.

O tramo de proxecto ten unha lonxitude de 480m.

Actualmente, as características deste tramo non se corresponden coas do resto do contorno onde xa se realizaron actuacións encamiñadas á correcta definición de zonas de circulación para peóns, aparcadoiros delimitados, canalización de redes e novo deseño da iluminación. Existe, ademais, unha curva no acceso a Canelas cun radio inferior ao do resto de aliñacións existentes na DP-3404 nas proximidades da zona proxectada; o que xera un punto singular con certa perigosidade, principalmente canto accidentes por alcance á hora de realizar a manobra de xiro en Canelas pola falta de suficiente visibilidade.

Existe, ademais, en plena curva un acceso ao núcleo de Canelas, o que incrementa a súa perigosidade; polo que se produciron accidentes por alcance á hora de realizar a manobra de xiro cara a/desde Canelas pola falta de visibilidade suficiente. Xúntase no anexo 1 o recorte de prensa do último accidente acontecido.

Redáctase o presente proxecto para resolver as carencias mencionadas respecto ao estado actual, así como para mellorar a sinalización, a iluminación e servizos xerais existentes, como tamén a coexistencia de peóns e vehículos nas travesías; implementando para iso solucións que encamiñen a un incremento global da seguridade viaria e maior comodidade para os peóns.

Sección tipo:

BEIRARRÚA ESQ.	CARRILESQ.	CARRIL DTO	APARCAMENTO	BEIRARRÚA DTA.
Min 1,8	3,0 + 0,5	3,0 + 0,5	2,5	Min 1,8

Para a construción das beirarrúas, utilizarase bordo e baldosa de formigón vibrado. Procederase á reordenación do tráfico mediante a execución de plataformas e cambios de sentido formado por bordo tipo C1, pavimento de lastro e zona verde interior con céspede, se as dimensións o permiten.

Baixo as beirarrúas, canalizarase con tubo de PVC para o saneamento e recollida de pluviais, cos seus respectivos pozos e sumidoiros. Así como tamén se realizará a canalización de tubos de polietileno para abastecemento, coa súa correspondente valvulería.

A rede de saneamento proxéctase en previsión futura xa que actualmente non se dispón de depuradora na contorna. Considerouse como máis axeitado para a situación dun futuro bombeo o punto baixo próximo á ponte.

Realizarase a canalización de tubos para a acometida eléctrica e condutora para a instalación de farois e columnas ornamentais.

Tamén se procederá á canalización das redes de telefonía e baixa tensión.

Previamente, eliminaranse os de postes de formigón e madeira, unha vez desinstaladas as redes aéreas existentes.

Procederase, así mesmo, a completar a sinalización vertical existente, e disporase a horizontal necesaria.

No presente proxecto, ademais, incluíranse como elementos de balizamento captafaros, tamén chamados “ollos de gato” sobre a liña da beiravía.

Para a modificación do trazado proposto será necesaria a expropiación de cinco predios de solo rústico.

Xa que se trata dunha estrada posiblemente ampliada en torno a un trazado primario sen características de estrada, esta presenta radios de curvatura pequena, especialmente na curva que se pretende modificar, onde ademais preséntase a circunstancia dun acceso na marxe esquerda cara ao lugar de Canelas.

Intentouse adaptar as características do novo trazado ao do resto da estrada propondo un radio similar aos existentes aínda non sendo estritos coa normativa correspondente.

Con estas premisas, e intentando evitar, na medida do posible, maiores afeccións a predios particulares, propúxose un novo radio de curvatura de 38 m, que unha vez estudadas as características da DP-3404 nas proximidades da actuación, considérase axeitado e acorde co trazado existente.

Todo isto, coa fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida.”

11.-RATIFICAR A SOLICITUDE DA DECLARACIÓN DE “URXENTE EXPROPIACIÓN” Á XUNTA DE GALICIA DOS BENS E DEREITOS AFECTADOS POLA EXPROPIACIÓN Á QUE DEA LUGAR A REALIZACIÓN DAS OBRAS DE TRAZADO E AFIRMADO DA D.P. 4603 DE MELIDE A RIVADULLA DO PK 0+000 A 10+430 (MELIDE E SANTISO).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“1. Dar por rematada a fase de información pública no expediente de expropiación que se segue para a execución das obras incluídas no proxecto de ENSANCHE E MELLORA DE TRAZADO E AFIRMADO DA EP 4603 DE MELIDE A RIVADULLA DO PK 0+000 10+340 (MELIDE E SANTISO).

2. Desestimar as alegacións presentadas, xa que non desvirtúan a necesidade da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados e por expoñer cuestións que deberán dilucidarse nas fases posteriores do expediente expropiatorio, tendo en conta a conformidade co informe emitido por Vías e Obras:

No que fai á modificación do trazado enténdese que non implica interese público e que ademais afectaríase o cemiterio.

O proxecto foi redactado baixo o criterio de non afectar edificacións destinadas a vivenda.

Tívoise en conta a existencia do ben inventariado Pazo de Vilar de Ferreiros, de tal forma que os elementos do citado conxunto non sexan afectados directamente. Non hai coñecemento, por parte desta Deputación, da existencia de condución de auga que atravesa a estrada, aínda que, no caso de existir estaría ocupando dominio público, e polo tanto, suxeita á condición de precariedade indicada no art. 29.3 da Lei 4/1994 de estradas de Galicia.

Respecto aos erros catastrais faise constar que deberá achegar a documentación correspondente ás rectificacións realizadas pola Xerencia Territorial do Catastro en Galicia.

Que no que se refire ao trazado indícase que as actuacións previstas no proxecto melloran as condicións de visibilidade e trazado, aínda que se poden estudar unhas mellores condicións, de tal forma que se optimice a solución adoptada.

Que é necesaria a expropiación de todos os bens relacionados co obxecto de mellorar a visibilidade

Canto a cuestións de determinación, catalogación, denominación e superficie de bens deberán estar resoltas en fases posteriores do expediente de expropiación.

Á vista das que se deduce que ningunha das alegacións desvirtúa a necesidade da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados.

No que se refire á expropiación total, actuarase de conformidade co que se establece no art. 23 da Lei de expropiación forzosa.

3. Ratificar a solicitude de declaración de "urxente expropiación" á Xunta de Galicia dos bens e dereitos afectados pola expropiación á que dea lugar a realización da obras indicadas, tendo en conta, que no presente caso existen razóns de urxencia que fan necesaria a execución da citada obra, tales como que:

- Hai varias zonas cunha densidade de edificación maior que dificulta o encaixe dunha ampliación, pero en xeral a estrada discorre por zonas rurais, con poucos accesos a vivendas, o que facilita o seu ensanche.

- Existen dous tramos con característica urbanas, con calzada máis ancha e en mellor estado. O primeiro desde o pk 0+000 ao 0+590 na contorna de Melide. O segundo entre o pk 8+260 ao 8+520 preto do desvío cara a Visantoña. A formulación en ambos os dous casos pasa por non actuar sobre a plataforma existente, xa que ten un largo de 8 metros ou máis cun firme en estado aceptable.

- Proxéctase unha plataforma de 8 metros de largo, cunha calzada de dous carrís de 3,50 metros de largo e unha beiravía de 0,50 a cada lado.

- Proxéctase a sinalización e defensas: pintado de marcas viarias, colocación de sinais verticais, instalación de barreiras de seguridade tipo dobre onda. O criterio a empregar para colocar as barreiras de seguridade será o da altura do noiro, colocaranse cando a altura do noiro sexa maior de 1,5 metros.

- Drenaxe: inclúe o perfilado e refinamento de cunetas, a execución de pasos salvacunetas mediante canos prefabricados de formigón e de diferentes diámetros en obras de drenaxe transversal. No paso sobre o rego da Fonsagrada substituirase o pontón actual por un cano prefabricado de formigón de 1500 mm de diámetro, superficie para evacuar as augas para unha avenida de 500 anos de período de retorno. Expóñense a obras de drenaxe de entrada e saída necesaria (embocaduras con aletas) e arquetas de recollida de augas en cuneta. Naqueles casos nos que existan obras de drenaxe transversal actualmente, procurarase ampliar a lonxitude necesaria para que a funcionalidade se manteña.

- Á hora de realizar o trazado e xa que se encontra nalgúns tramos no seu percorrido entre edificacións existentes, conseguiuase que non se expropie vivenda ningunha. Doutra banda está formado por aliñacións curvas en S para proporcionar unha condución cómoda e segura dada a importante pendente do tramo.

- Optimizáronse as rasantes na medida do posible, sen comprometer economicamente nin ambientalmente cun volume de terras desproporcionado.

- Na actualidade a estrada presenta unhas dimensións reducidas, cun firme en mal estado e nalgúns zonas de trazado as curvas teñen un radio moi pequeno.
- Preténdese mellorar a comunicación entre os correspondentes núcleos.
- A existencia de camiños e estradas que acceden con intersesccións mal acondicionadas e perigosas. Acondicionaranse co fin de dotalas de maior visibilidade.
- Co novo trazado preténdese proporcionar maior seguridade aos peóns á hora de circular pola estrada e permitir o estacionamento circunstancial de vehículos, todo iso tendo en conta que a estrada transcorre por zonas poboadas e con accesos por ambas as dúas bandas ás pistas de parcelaria.
- A intensidade media do tráfico que aumentou nos últimos anos

Todo isto, co fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana.”

12.-CONCEDER UN PRAZO DE 20 DÍAS AO CONCELLO DE CEDEIRA, PARA CORRIXIR A DOCUMENTACIÓN DO PROXECTO SENDA PEONIL NA DP 2203 DE CEDEIRA A PUNTA CANDELARIA Á CAPELA DE SANTO ANTONIO (CEDEIRA) (0911300003.0).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“Conceder un prazo de 20 días a contar dende a notificación do presente acordo para que o Concello de CEDEIRA lle remita a esta Deputación a documentación das bases 3, para a aprobación do proxecto:

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
SENDA PEONIL NA D.P. 2203 DE CEDEIRA A PUNTA CANDELARIA Á CAPELA DE SANTO ANTONIO (CEDEIRA) (0911300003.0)	407.053,80

A.1) Certificación acreditativa da dispoñibilidade dos terreos necesarios para executar as obras incluídas no proxecto de travesías.

A.2) No suposto de que non dispoñan dos terreos necesarios para executar as obras, o concello deberá adoptar o correspondente acordo plenario onde conste expresamente o compromiso de aboarlle á Deputación, dentro do prazo máximo de 3 meses contados dende o requirimento da Deputación, de todas as cantidades que por calquera caso teña que aboar a Deputación como consecuencia dos trámites necesarios para adquirir os terreos, incluídos os correspondentes expedientes de expropiación, tanto en fase de prezo xusto determinada pola Deputación, como polo Xurado de Expropiación ou por xuíces e tribunais da orde xurisdiccional contencioso-administrativa, facultando á Deputación a que perciba os importes correspondentes mediante compensación ou con cargo ás entregas a conta e liquidacións derivadas da xestión recadatoria exercida pola Deputación por delegación do concello.

Para estes efectos o proxecto técnico aprobado na programación inicial conterà unha valoración estimada do custo das adquisicións ou expropiacións necesarias. A dita valoración terá carácter medianamente orientativa por canto o compromiso municipal deberá alcanzar o importe efectivo e real que finalmente deba aboarse pola adquisición dos terreos necesarios para executar as obras incluídas no proxecto.

B) Certificación do Pleno da Corporación municipal na que consten os seguintes acordos:

a) Aprobación do proxecto e autorización á Deputación para executar as obra, facendo constar que contan con todas as autorizacións e permisos necesarios para a súa execución.

b) Conformidade coas presentes bases.

c) Compromiso de aceptación da entrega das obras, unha vez recibidas pola Deputación, polo que se asumen os gastos de conservación, reposición, mellora e mantemento dos servizos e instalacións das travesías.

d) Delegación no alcalde-presidente para formalizar o correspondente convenio.”

Todo iso para os efectos de sometelo, unha vez rematado o trámite da remisión da documentación, novamente ao Pleno da Corporación para a súa aprobación provisional.

Faise constar que o concello remitiu o 8-6-2009 certificación da Alcaldía 399 do 5-6-2009 na que se fai constar que:

“Declara o compromiso de aboarlle á Deputación, dentro do prazo máximo de 3 meses contados desde o requirimento da Deputación, de todas as cantidades que por calquera caso teña que aboar a Deputación como consecuencia dos trámites necesarios para adquirir os terreos, incluídos os correspondentes expedientes de expropiación, tanto en fase de prezo xusto determinado pola Deputación, como polo Xurado de Expropiación de Galicia ou por xuíces ou tribunais da orde xurisdiccional contencioso-administrativo, facultando á Deputación a que perciba os importes correspondentes mediante compensación ou con cargo ás entregas a conta e liquidacións derivadas da xestión de recadación exercida pola Deputación por delegación dese concello, sendo a previsión destes aboamentos de 79782,46 euros segundo o previsto no proxecto técnico.”

Aínda que o importe que figura no proxecto como valoración das expropiacións é o de 79782,46 euros, ese importe non é a previsión de todas as cantidades que por calquera caso teña que aboar a Deputación como consecuencia dos trámites necesarios para adquirir os terreos, incluídos os correspondentes expedientes de expropiación, tanto en fase de prezo xusto determinado pola Deputación, como polo Xurado de Expropiación de Galicia ou por xuíces ou tribunais da orde xurisdiccional contencioso-administrativo, a previsión segundo os cálculos efectuados por esta Deputación ascende á cantidade de 487455,40 euros.

Caso de non remitirse a documentación requirida no prazo fixado archivarase o

expediente.”

13.-APROBACIÓN DA CUARTA FASE DO PLAN PROVINCIAL DE AXUDA CONTRA A CRISE DESTINADO AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE REPOSICIÓN ASOCIADOS AO MANTENIMENTO DOS SERVIZOS PÚBLICOS ESENCIAIS DOS CONCELLOS (PAC-2).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“Logo de ver as bases reguladoras do Plan provincial de axuda contra a crise destinado ao financiamento dos gastos de reposición asociados ao mantemento dos servizos públicos esenciais dos concellos (PAC-2), aprobadas polo Pleno da Deputación na sesión realizada o día 27 de marzo de 2009, cuxo texto íntegro está publicado no BOP nº 74, do 1 de abril de 2009.

Logo de ver a Resolución da Presidencia desta Deputación do 3 de setembro de 2009, relativa a interpretación da base 2 das reguladoras deste plan.

Despois de ver as solicitudes presentadas polos diversos concellos da provincia ao abeiro das citadas bases:

1º) Aprobar a cuarta fase do Plan provincial de axuda contra a crise destinado ao financiamento dos gastos de reposición asociados ao mantemento dos servizos públicos esenciais dos concellos (PAC-2), aprobadas polo Pleno da Deputación na sesión realizada o día 27 de marzo de 2009, cuxo texto íntegro está publicado no BOP nº 74, do 1 de abril de 2009.

No anexo I a este acordo relaciónanse as actuacións solicitadas polos concellos que se inclúen nesta cuarta fase, estruturadas no apartado A, no que se conteñen as novas obras ou subministracións, e nun apartado B no que se indica o importe da achega provincial que cada concello destina ao financiamento da achega municipal obrigatoria para participar noutros plans ou programas da Deputación ou doutras administracións públicas que teñan como obxecto as actuacións de reposición ou mantemento ou as subministracións indicadas nas bases do plan.

O resumo dos importes totais desta cuarta fase do plan é o seguinte:

	Novas actuacións (Anexo I)	Financiamento de achegas municipais (Anexo II)	T O T A L
Deputación	879.239,32	40.326,95	919.566,27
Concellos	16.574,31	0,00	16.574,31
T O T A L	895.813,63	40.326,95	936.140,58

2º) Aprobar os proxectos técnicos das obras ou os pregos das subministracións incluídas neste plan.

3º) Aprobar o plan complementario ao presente plan, no que se inclúen os investimentos que se relacionan no anexo II a este acordo. Estes investimentos teñen carácter de supletorios e financiarase con cargo aos remanentes que se poidan producir por anulacións de proxectos ou baixas de licitación nas actuacións do plan base do respectivo concello, polo que a súa aprobación definitiva queda condicionada a que efectivamente se produzan os ditos remanentes.

4º) A contratación e execución das obras realizarana os respectivos concellos, de acordo co establecido nas bases 7, 8 e 9 reguladoras deste plan.

Ampliar o prazo disposto na base 7 para a contratación das obras ata o 30 de xuño de 2010.

5º) Dispoñer a exposición pública do plan mediante a publicación dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia (BOP) para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións oportunas, podéndose proseguir as actuacións despois de que transcorra o dito prazo sen que se presentara ningunha alegación.

6º) Remitir o expediente para coñecemento e informe á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos de coordinación establecidos nos artigos 122 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez transcorrido o dito prazo sen que se emita ningún informe”.

ANEXO I: PLAN BASE

A) OBRAS OU SUBMINISTRACIÓNS

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	FINANCIAMENTO		
			DEPUTACION	CONCELLO	TOTAL
Cee		Repa.conexión rede san. prrq. Brens a rede			
	09.3270.0115.0	san. integral mpal.	59.229,91	0,00	59.229,91
	09.3270.0116.0	Pavimentación camiños na parroquia de Pereiriña. Concello Cee	37.192,22	0,00	37.192,22
		SUBTOTAL	96.422,13	0,00	96.422,13
Laracha, A		Afirmado e MCR. do camiño rural San Fins-			
	09.3270.0117.0	Xestal. C. da Laracha	84.954,18	7.842,13	92.796,31
	09.3270.0118.0	Pavimentación camiños en Vilaño e Cabovilaño. C. da Laracha	60.348,56	5.570,13	65.918,69
		SUBTOTAL	145.302,74	13.412,26	158.715,00
Noia		Adquisición varredora-aspiradora para			
	09.3270.0119.0	serv. limpeza. C. Noia	49.648,00	0,00	49.648,00
	09.3270.0120.0	Mellora iluminación pública. Campo fútbol	33.540,55	0,00	33.540,55

		de Noia			
			SUBTOTAL	83.188,55	0,00 83.188,55
Oleiros	09.3270.0121.0A	Trat. madeira do Paseo marítimo Agramar-Fábrica. C. Oleiros		55.390,01	0,00 55.390,01
	09.3270.0122.0	Obras repa. cms. mpais.:Sto. Domingo, Fco. Maciñeira e outros		167.498,92	0,00 167.498,92
			SUBTOTAL	222.888,93	0,00 222.888,93
Padrón	09.3270.0123.0	Acd. de baixo para aula de ensinanza. Concello Padrón		46.243,10	0,00 46.243,10
	09.3270.0124.0	Repa. e mant. de camiños municipais de Padrón		51.290,09	0,00 51.290,09
			SUBTOTAL	97.533,19	0,00 97.533,19
Pino, O	09.3270.0125.0	Acd. tarima deport. en pavillón polideportivo. Concello do Pino		59.495,18	0,00 59.495,18
	09.3270.0126.0	Repa cm. Suso Cruce de Casal e outros. Concello do Pino		56.654,89	0,00 56.654,89
			SUBTOTAL	116.150,07	0,00 116.150,07
Zas	09.3270.0127.0	Ref. e mant. de cm. en varias prrq. Do municipio. C. de Zas		117.753,71	3.162,05 120.915,76
			SUBTOTAL	117.753,71	3.162,05 120.915,76
			TOTAIS	879.239,32	16.574,31 895.813,63

B) ACHEGAS A OUTROS PLANS OU PROGRAMAS

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	FINANCIAMENTO		
			ACHEGA DEPUTACION	ACHEGA MUNICIPAL	TOTAL
Noia	09.3270.0337.0	Achega. mpal. Programa axudas pub. uso racional enerxia. R. Galicia	29.054,70		29.054,70
	09.3270.0338.0	Achega mpal. Plan renov. comercio galego. Liña merca. Prz Abastos	11.272,25		11.272,25
		SUBTOTAL	40.326,95	0,00	40.326,95
		TOTAIS	40.326,95		40.326,95

C) RESUMO

A) OBRAS OU ADQUISICIÓNS	879.239,32	16.574,31	895.813,63
B) ACHEGAS A OUTROS PLANS OU PROGRAMAS	40.326,95		40.326,95
TOTAL	919.566,27	16.574,31	936.140,58

ANEXO II: PLAN COMPLEMENTARIO

CONCELLO	DENOMINACION	IMPORTE
Noia	Adquisición de 3 máquinas aspiradoras de vias	33.234,00
Oleiros	Obras repa.da instalación da nave servizos municipais	62.507,38
TOTAIS		95.741,38

14.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “ADECUACIÓN DE EQUIPAMENTO E AUMENTO DE XOGOS DO PARQUE INFANTIL MUNICIPAL R/ PONTEDEUME” DO CONCELLO DE SADA, INCLUÍDA NA PRIMEIRA FASE DO PLAN ESPECIAL DE PARQUES INFANTÍS 2009. CÓDIGO 09.3260.0017.0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“Aprobar a o proxecto reformado da obra denominada “Adecuación de equipamento e aumento de xogos do parque infantil municipal R/ Pontedeume” do Concello de Sada, incluída na primeira fase do Plan especial de parques infantís 2009, código 09.3260.0017.0, que foi aprobada na sesión plenaria realizada o día 26 de xuño de 2009, cun presuposto de contrata de 71.307,88 euros, xa que introduce algunhas modificacións das actuacións previstas no proxecto técnico inicial, aínda que non representan variacións no orzamento total da obra nin do seu obxecto nin da súa finalidade.”

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA MUNICIPAL	TOTAL
Sada	09-3260-0017.0	Adecu.de equip. e aumento xogos pq. Infant.mpal.r/ Pontedeume de Sada	60.000,00	11.307,88	71.307,88

15.-APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE CESIÓN DE USO AO CONCELLO DE SANTIAGO DO INMOBLE: “AA.VV. AS BRAÑAS DE SAN ANDRÉS/PELAMIOS”.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“1º) Iniciar o expediente de cesión de uso ao Concello de Santiago do inmoible:

AA.VV “AS BRAÑAS DE SAN ANDRÉS/PELAMIOS”

Concepto	Aprobación	Importe
Adquisición do terreo e edificacións (son tres edificacións)	Resol. Nº 13096 de 20.8.01	192.873,36
Honorarios redacción proxecto	Resol. Nº. 5263 de 27.3.2003	12.020,00
Obras (Proxecto inicial e reformado)	Resol. Nº. 18001 de 30.10.2008	281.991,94
Honorarios dirección obra e seguridade e saúde	Resol. Nº. 5110 de 30.3.06	6.258,39
Mobiliario	Resol. Nº. 19168 de 15.9.2009	10.058,39
	Total	503.202,08

-CONCELLO: Santiago de Compostela

-SITUACION DO INMOBLE: TRES EDIFICACIÓNS UNIDAS OU MACLADAS DE PLANTA BAIXA E PRIMEIRA CON PREDIO NA PARTE POSTERIOR, SITUADAS NA RUA VISTA ALEGRE Nº9-A, Nº 9-B e Nº11

-SUPERFICIE: CASA 9-B(ANTES 7) DO BARRIO DE VISTA ALEGRE DE PISO ALTO E BAIXO, DUNS 40 M2

CASA 9-A (ANTES 6) DO BARRIO DE VISTA ALEGRE, DE PISO ALTO E BAIXO, DUNS 24,38 m2 COA SUA HORTA UNIDA A SUA ESPALDA DE 111 m2, FORMANDO UN SO PREDIO

CASA Nº 11 (ANTES 8) DO BARRIO DE VISTA ALEGRE, DE PISO ALTO E BAIXO DUNS 40 m2

-REFEFENCIA CATASTRAL:

7185920NH3478E0001XH; 7185921NH3478E0001IH; 7185919NH3478E0001JH

-ADQUISICIÓN: COMPRAVENDA A D. FRANCISCO, D. JAIME, D. RAMON VARELA PEREIRO, DONA DOLORES AMBOAJE SEIJO E D. ADOLFO VARELA AMBOAJE, SEGUNDO ESCRITURA OUTORGADA POLO NOTARIO D. JOSE IGLESIAS BOUZA O 09/04/03 Nº. PROTOCOLO: 153

-DESTINO: Cesión á AA.VV. “AS BRAÑAS DE SAN ANDRES/PELAMIOS”

-OBRA NOVA: Edificación composta de dúas plantas da forma que se indica

Nivel	Superficie útil	Superficie construída
Planta 0	153,48	203,63
Planta 1	64,44	119,64
Total	217,92	323,27

A planta baixa destínase a accesos, información e biblioteca, talleres e instalacións necesarias; a planta primeira, a talleres.

Un elemento novo, anexo ao antigo, ao que se accede a través duns patios destínase a auditorio/sala de usos múltiples.

CASA 9-A (ANTES 6) DO BARRIO DE VISTA ALEGRE, DE PISO ALTO E BAIXO, DUNS 24,38 m2 COA SÚA HORTA UNIDA POLA SÚA TRASEIRA DE 111M2, FORMANDO UN SÓ PREDIO.

CASA Nº 11 (ANTES 8) DO BARRIO DE VISTA ALEGRE, DE PISO ALTO E BAIXO DUNS 40 M2

- REFERENCIA CATASTRAL:

7185920NH3478E0001XH; 7185921NH3478E0001IH; 7185919NH3478E0001JH

- ADQUISICIÓN: COMPRAVENDA A D. FRANCISCO, D. JAIME, D. RAMÓN VARELA PEREIRO, DONA DOLORES AMBOAJE SEIJO E D ADOLFO VARELA AMBOAJE, SEGUNDO ESCRITURA OUTORGADA POLO NOTARIO D. JOSÉ IGLESIAS BOUZA O 09/04/03. Nº PROTOCOLO: 153

- DESTINO: Cesión á A.VV. “AS BRAÑAS DE SAN ANDRÉS / PELAMIOS”.

- OBRA NOVA: Edificación composta de dúas plantas da forma que se indica:

Nivel	Superficie útil	Superficie construída
Planta 0	153,48	203,63
Planta 1	64,44	119,64
Total	217,92	323,27

A planta baixa destínase a accesos, información e biblioteca, talleres e instalacións necesarias; a planta primeira a talleres.

Un elemento novo, anexo ao antigo, ao que se accede a través duns patios, destínase a auditorio/sala de usos múltiples.

Valoración:

Concepto	Aprobación	Importe
Adquisición do terreo e edificacións (son tres edificacións)	Resol. Nº 13096 de 20.8.01	192.873,36
Honorarios redacción proxecto	Resol. nº 5263, de 27.03.2003	12.020,00
Obras (proxecto inicial e reformado)	Resol. nº 18001 de 30-10-08	281.991,94
Honorarios dirección obra e seguridade e saúde	Resol. nº 5.110 DE 30/03/06	6.258,39
Mobiliario	Resol. nº 19168, de 15-9-2009	10.058,39
	total	503.202,08

Novo destino : cesión ao Concello de Santiago de Compostela conforme á Resolución da Presidencia 20641 de 9-10-2009 e ao acordo adoptado polo Pleno da Corporación.

SEGUNDO.- Que a Deputación provincial dispuxo a construción destes equipamentos sociais no exercicio das competencias que lle confire a normativa vixente para a cooperación no desenvolvemento económico e social dos municipios.

TERCEIRO.- Que ao coincidir o ámbito de actuación dos usuarios co termo municipal o Concello de Santiago de Compostela solicita a cesión do uso das devanditas instalacións por ser ademais da Administración Local máis próxima e destinataria da actividade veciñal, a que conta cunha infraestrutura de xestión capaz de coordinar adecuadamente a xestión dos centros coas asociacións interesadas.

Por todo iso e co fin de establecer as condicións de colaboración necesarias e acadar os fins propostos, a Deputación e o Concello de Santiago de Compostela acordan subscribir o presente convenio segundo as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO E ALCANCE DO CONVENIO.

Constitúe o obxecto desde convenio a cesión de uso a título gratuito ao Concello de Santiago de Compostela, dos terreos e edificacións titularidade da Deputación Provincial da Coruña, segundo aparecen descritos no expoñendo primeiro do presente documento.

SEGUNDA: PRAZO.

A autorización de uso realízase por un período de TRINTA anos (30 anos). Este período poderá ser prorrogado por períodos de CATRO (4 anos), por acordo da Excm. Deputación Provincial, despois da petición do Concello de Santiago de Compostela, na que se xustifiquen debidamente as razóns que motivan a necesidade ou conveniencia da prórroga, a solicitude de prórroga deberá formalizarse ante a Deputación provincial cunha antelación mínima de seis meses antes de que expire o prazo da súa vixencia.

TERCEIRA: DESTINO.

Os bens obxecto da presente autorización de uso, destinaranse aos fins previstos ao servizo dos veciños das respectivas zonas como centros socioculturais.

A Deputación provincial poderá realizar as inspeccións que estime necesarias para comprobar que os citados inmobles se destinan ao fin que motiva a autorización. O incumprimento desta obriga por parte do Concello de Santiago de Compostela dará lugar á extinción do convenio.

CUARTA: UTILIZACIÓN.

A utilización dos bens obxecto da cesión entrará en vigor na data da súa entrega pola Excm. Deputación provincial, despois da formalización das oportunas actas de recepción e o anexo do inventario que se achega ao presente convenio.

QUINTA: OBRIGAS DO CONCELLO

A) O centro cedido integrarase na rede de centros socioculturais do Concello de Santiago de Compostela.

B) O Concello reservará un local para uso exclusivo como despacho pola asociación de veciños.

C) O Concello de Santiago de Compostela comprométese a facerse cargo de todo os gastos relativos ao mantemento, reparación e conservación dos terreos e instalacións, sen prexuízo das subvencións que poida outorgar a Deputación ou calquera outra entidade para esta finalidade.

D) Manter os fins da cesión de acordo co previsto no presente convenio.

E) O Concello de Santiago de Compostela deberá presentar ao final de ano, unha memoria xustificativa onde consten os gastos da xestión, derivados dos custos de persoal e gastos correntes relativos ao funcionamento, mantemento, conservación e reparación do recinto e instalacións.

F) Calquera obra que deba realizarse no inmovible precisará da autorización previa da Deputación salvo as propias de uso e mantemento.

G) A Deputación non asumirá o pago do IBI dos inmovibles.

SEXTA: VENCEMENTO.

O presente convenio finalizará polas seguintes causas:

A) Vencemento do termo da cesión de uso ou de calquera das prórrogas que puideran outorgarse de acordo co establecido na cláusula segunda deste convenio.

B) Mutuo acordo entre a Deputación e o Concello de Santiago de Compostela.

C) Denuncia da autorización por calquera das partes formulada cunha antelación mínima de DOCE meses (12 meses).

D) Incumprimento da obriga referida nas cláusulas quinta e sexta.

E) Incumprimento polo Concello de Santiago de Compostela do obxecto ou fin da autorización do inmovible.

F) Inobservancia por parte do Concello de Santiago de Compostela aos requirimentos da Excma. Deputación en relación co incumprimento por aquel das obrigas establecidas no presente convenio.

A finalización do presente convenio por calquera destas causas producirá a reversión dos terreos e instalacións á Excma. Deputación provincial, coas súas eventuais melloras e accesorios, quedando extinguido automaticamente o dereito de ocupación dos anteriores bens outorgados ao Concello de Santiago de Compostela por medio do presente convenio.

A Excma. Deputación Provincial non asumirá, en ningún caso, os contratos de traballo que puidera ter levado a cabo o Concello de Santiago para o cumprimento dos seus fins, sen que polo tanto, poida de ningunha forma entenderse que a reversión implique a sucesión de empresa disposta na lexislación.

A Deputación mediante ADDENDAS a este convenio poderá formalizar a cesión de uso do mobiliario.

SÉTIMA: XURISDICIÓN.

Conforme ao establecido no artigo 4º da Lei 30/2007 de contratos do sector público, o presente convenio queda fóra de ámbito de aplicación da devandita lei, debendo regularse polas súas propias normas. Non obstante aplicaranse por analoxía os principios da Lei de contratos das administracións públicas, e no seu defecto, os xerais do dereito administrativo, para a resolución de dúbidas que puidera ocasionar o cumprimento deste convenio.

As cuestións litixiosas que puidesen xurdir na interpretación ou incumprimento das obrigas que deriven do presente convenio, resolveranse por vía administrativa e, no seu caso, mediante a xurisdición contencioso-administrativa na materia regulada pola lei da citada xurisdición.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por sesión plenaria ordinaria celebrada o _____.

De conformidade con canto antecede, no exercicio das atribucións de que son titulares os asinantes, e obrigando con todo isto ás administracións que representan, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA

O ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Salvador Fernández Moreda

Xosé A. Sánchez Bugallo

16.-DAR CONTA DA APROBACIÓN DO ORZAMENTO PARA O EXERCICIO 2010 DO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO.

Dar conta da aprobación do orzamento para o exercicio 2010 do Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento.

17.- DAR CONTA DA APROBACIÓN DO ORZAMENTO PARA O EXERCICIO 2010 DA FUNDACIÓN AXENCIA ENERXÉTICA PROVINCIAL DA CORUÑA (FAEPAC).

Dar conta da aprobación do orzamento para o exercicio 2010 da Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña (FAEPAC).

18.-INFORME SOBRE O OBXECTIVO DE ESTABILIDADE PRESUPOSTARIA NA “UNIDADE INSTITUCIONAL DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA”.

Por unanimidade, apróbbase o seguinte ditame da comisión:

“Tomar coñecemento do informe da Intervención provincial sobre a avaliación do obxectivo de estabilidade presupostaria na Unidade institucional “Deputación Provincial da Coruña” cos datos obtidos dos presupostos e dos estados financeiros do exercicio 2010, para dar cumprimento ao disposto no artigo 16.2 do Regulamento de desenvolvemento da lei de estabilidade presupostaria na súa aplicación ás entidades locais, aprobado polo Real decreto 1.463/2007, do 2 de novembro.

O citado informe conclúe que da información contida nos expedientes administrativos dos presupostos do exercicio 2010, cada unha das entidades que integran a Unidade Institucional da Deputación Provincial da Coruña, o Consorcio Provincial de Incendios e a Fundación Axencia Provincial da Enerxía da Coruña (FAEPAC), cumpren o obxectivo de estabilidade presupostaria e no conxunto consolidado non se fai necesaria a tramitación do Plan económico-financeiro a que se refire o artigo 22.1 do Texto refundido da lei xeral de estabilidade presupostaria. “

19.-ACEPTACIÓN DA AMPLIACIÓN DA DELEGACIÓN DAS COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE ARTEIXO.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“Aceptar a ampliación de competencias delegadas en materia tributaria acordada polo Concello de Arteixo en relación coa seguinte materia:

- Recadación voluntaria e executiva das seguintes taxas e prezos públicos de carácter periódico anual e notificación colectiva mediante padrón:
- Taxa por ocupación de terreos de uso público con mesas, cadeiras, tribunas e outros elementos análogos, con finalidade lucrativa (Ordenanza fiscal núm. 21).
- Taxa por entrada de vehículos a través de beirarrúas e reservas da vía pública para aparcamento exclusivo, paradas de vehículos, carga e descarga de mercadorías de calquera clase (Ordenanza fiscal núm. 23).
- Taxa por prestación patrimonial da utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local por instalación de quioscos na vía pública (Ordenanza fiscal núm. 24).
- Taxa por ocupación da vía pública con postos para a feira semanal no Concello de Arteixo (Ordenanza fiscal núm. 28).
- Prezo público pola prestación de servizos socioculturais, deportivos, recreativos e outros análogos (Ordenanza fiscal núm. 34).

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

20.-ACEPTACIÓN DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS EN MATERIA DE INSTRUCCIÓN DE EXPEDIENTES SANCIONADORES POR INFRACCIÓNS DE NORMAS DE TRÁFICO DO CONCELLO DE CERCEDA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“Aceptar a delegación de competencias en materia de sancións por infracción das normas sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria acordada polo Concello de Cerceda.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación, levarase a cabo nos termos establecidos nas bases e terá efectos dende o día 2 de xaneiro de 2010, unha vez que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

21.-CORRECCIÓN DO ERRO ARITMÉTICO NA PROPOSTA DE DECLARAR PRESCRITAS AS OBRIGAS PENDENTES DE PAGAMENTO CORRESPONDENTES AOS EJERCICIOS PECHADOS 2003 A 2005.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

”Corrixir o erro aritmético no ditame referido á proposta de declarar a prescripción das obrigas pendentes de pagamento correspondentes aos exercicios pechados desde o 2003 ao 2005, onde di importe total de 16.853,25 euros debe dicir importe total de 23.460,39.”

(Entra no salón o Sr. Nogueira Fernández).

MOCIÓNS

INTERVENCIONES

Sr. presidente

Finalizada a parte dispositiva imos entrar na parte de control. Hai unha moción que presentará o deputado Sr. Lagares, para o cal ten a palabra.

Sr. Lagares Pérez

Grazas, Sr. presidente, Sras. e Sres. deputados, bo día. No Pleno do 25 de setembro do presente ano aprobamos unha subvención nominativa á Fundación Galicia-América por un importe de 50.000 euros, dirixida á concesión de bolsas de estudo aos alumnos descendentes de galegos no Colexio Arxentino-Galego Santiago Apóstol de Bos Aires. Nese momento o orzamento do colexio era de 112.500 euros e a raíz dunha serie de correccións, baixaron o orzamento a 92.500 euros, o que quere dicir

que mantendo a mesma achega provincial de 50.000 euros, vai supor unha porcentaxe superior no financiamento, pasando do 44,44% ao 54%.

A urxencia é para adoptar, se así o estima o Pleno, adoptar este acordo e continuar cos trámites administrativos para que cheguen a estes conveciños de alén mar a subvención xa aprobada por esta cámara provincial na Base 48. Moitas grazas.

Sr. presidente

Os grupos do BNG e do Partido Popular coñecen o contido desta moción. Declarámola de urxencia.

Este en realidade debería ser un punto a engadir á orde do día, non sei por que se presentou como unha moción, pero ben, o resultado é o mesmo, e isto vén provocado porque en setembro, este é un convenio que nós financiamos un convenio con Galicia-América e é Galicia-América a que xestiona e que prepara o convenio, e en setembro enviounos un texto dun convenio contando con que unhas deputacións se ían adherir, e en novembro, a finais de novembro, comunicánnos que unha das deputacións que pensaban participar no financiamento destas bolsas descólgase, e entón cámbianos a porcentaxe de financiamento e temos que traer aquí, témolo que traer por vía de urxencia para tratar de aprobalo este ano.

Entón, se xa os grupos do BNG, do Partido Socialista e do Partido Popular coñecen o contido, damos por aprobada a urxencia e por aprobada a moción. Moitas grazas.

Por unanimidade apróbase a urxencia e tamén por unanimidade apróbase a seguinte moción:

MOCIÓN

A Fundación Galicia-América é unha entidade clasificada como de interese cultural pola Orde da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administracións Públicas, do 9 de outubro de 1996, e declarada de interese galego pola Orde da Consellería Cultura, Comunicación Social, do 25 de novembro de 1996, que desenvolve, entre outras actividades, a organización, coordinación e xestión do centro educativo da súa propiedade “Colexio Arxentino-Galego Santiago Apóstol”, de Bos Aires.

Dende a súa fundación, o citado colexio vén realizando cada ano escolar unha convocatoria de bolsas, destinadas a cubrir o importe dos diferentes gastos da escolarización dos seus alumnos. O importe total que se distribúe en bolsas ascende á suma das achegas de distintos financiadores, entre os que se conta a Deputación da Coruña.

As achegas previstas para a convocatoria correspondente ao curso 2009 (por importe total de 112.500 €) proviñan inicialmente da Xunta de Galicia e das Deputacións Provinciais de Lugo, Ourense e A Coruña, e para tal efecto, a Deputación Provincial da Coruña, en sesión ordinaria do día 25.09.2009, aprobou a concesión dunha subvención nominativa a favor da Fundación Galicia América, por importe de 50.000 euros, coa finalidade de colaborar na concesión de bolsas aos alumnos descendentes de galegos do Colexio Arxentino-Galego Santiago Apóstol (Bos Aires – Arxentina), nos termos que se establezan no oportuno convenio administrativo que se aprobe en execución do citado acordo.

Unha vez que os servizos administrativos desta Deputación xa tiñan tramitado o citado convenio, e no último momento, un dos financiadores manifesta a imposibilidade de manter o seu compromiso, o cal, aínda que non altera a contía das achegas dos demais financiadores, si que varía o orzamento subvencionado de gastos (que pasa a ser de 92.500 €) e o correspondente coeficiente de financiamento acordados inicialmente polo Pleno corporativo, órgano competente para aprobar a súa modificación.

Tendo en conta que a meirande parte dos eventuais beneficiarios pertencen a colectividade de emigrantes galegos en precaria situación económica, que a convocatoria das bolsas foi realizada a principios dun curso que está a piques de rematar, así como a imprevisibilidade das razóns que motivan esta modificación, é polo que se somete ao Pleno corporativo a consideración da declaración de urxencia da presente moción e a adopción do seguinte acordo:

“1. Modificar o acordo adoptado polo Pleno corporativo do 25.09.2009, polo que se aprobou unha subvención nominativa a favor da Fundación Galicia América, CIF G15598873, por importe de 50.000 €, para a concesión de bolsas de estudo aos alumnos descendentes de galegos do Colexio Arxentino-Galego Santiago Apóstol, de Bos Aires-Arxentina, cuxo orzamento estimado de gastos ascendía a 112.500 €, e un coeficiente de financiamento do 44,44 %, no sentido de reducir o orzamento subvencionado a 92.500 €, mantendo a achega provincial de 50.000 €, e axustar o coeficiente de financiamento ao 54,05 %.

2. Aprobar o convenio administrativo de colaboración correspondente e autorizar ao presidente da Corporación para a súa execución.”

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A FUNDACIÓN GALICIA-AMÉRICA, PARA A CONCESIÓN DE BOLSAS DE ESTUDO AOS ESTUDANTES GALEGOS E DESCENDENTES DE GALEGOS, ALUMNOS DO COLEXIO SANTIAGO APÓSTOL DE BOS AIRES

REUNIDOS

A Deputación Provincial da Coruña, actuando no seu nome e representación D. Salvador Fernández Moreda, presidente da institución, ao abeiro das competencias que para vincularse neste acto se lle confiren na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e na Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia.

A Fundación Galicia-América, G-15598873, intervindo na súa representación o seu presidente don Roberto Varela Fariña, segundo consta no artigo 9 dos estatutos da Fundación, que actúa, así mesmo, na condición de conselleiro de Cultura e Turismo.

As partes recoñécense a necesaria capacidade para obrigarse e convir, e para estes efectos

EXPOÑEN

1. Que a Deputación Provincial da Coruña, nas súas funcións de apoio aos municipios da súa provincia, amosa un especial interese na formación dos veciños, dos seus fillos e demais descendentes que residan fóra de Galicia, sobre todo daqueles que, posuíndo boas aptitudes para o estudo, carecen dos suficientes medios económicos. Deste xeito, véñse implicando activamente nas iniciativas educativas en beneficio da emigración galega.

2. Que a Fundación Galicia-América é unha entidade clasificada como de interese cultural pola Orde da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública, do 9 de outubro de 1996, e declarada de interese galego pola Orde da Consellería de Cultura e Comunicación Social, do 25 de novembro de 1996, que desenvolve, entre outras actividades, a organización, coordinación e xestión do centro educativo da súa propiedade “Colexio Santiago Apóstol” de Bos Aires. Colexio significado, ademais de pola súa excelencia académica, por integrar dentro do seu programa educativo, a lingua e cultura galegas como nexos de unión e de reforzamento dos lazos afectivos e culturais entre Galicia e os emigrantes galegos e os seus descendentes.

3. É por isto que a Deputación Provincial da Coruña, considera a Fundación Galicia-América, como titular do centro educativo “Colexio Santiago Apóstol” de Bos Aires, como a institución idónea para o outorgamento desta axuda dado o seu carácter singular e o interese social da acción que se pretende desenvolver así como a especificidade do citado colexio arxentino por impartir e divulgar a cultura e lingua galegas entre os seus

alumnos, circunstancias estas que dificultan a convocatoria pública da axuda tal e como prevé o artigo 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Para tal fin, as partes acordan subscribir o presente convenio de colaboración, de conformidade coas seguintes

CLÁUSULAS

I. OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Fundación Galicia-América, para a concesión dunha subvención destinada a ofrecer bolsas a estudantes galegos, fillos ou demais descendentes de galegos ata o terceiro grao para cursar estudos no Colexio Santiago Apóstol de Bos Aires para o ciclo lectivo correspondente ao ano 2009, conforme ao cadro estimativo de necesidades elaborado pola Fundación, que se incorpora como anexo a este convenio.

II. ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR POLA ENTIDADE BENEFICIARIA

O orzamento estimado de gastos que se financia é de 92.500 €, que é a cantidade a que ascende a suma das achegas que a Fundación Galicia América espera obter doutras institucións públicas (Xunta de Galicia e outras deputacións provinciais galegas) para o financiamento da referida convocatoria de bolsas.

III. FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 50.000 €, o que representa unha porcentaxe de financiamento do 54,05 %. No caso de que a gasto xustificado non acadе o importe total establecido na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 54,05 % da cantidade efectivamente xustificada.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0104/463C/48901, do vixente orzamento para 2009, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito dabondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV. EXECUCIÓN

1. A Fundación Galicia-América comprométese a esixirle aos solicitantes das bolsas a acreditación do cumprimento dos seguintes requisitos:

- Ser galego, fillo ou descendente de galegos ata o terceiro grao.
- Que os seus pais ou titores legais carezan de medios económicos suficientes.

2. A Fundación Galicia América, a través do Colexio Santiago Apóstol de Bos Aires, daralle publicidade a estas bolsas mediante unha convocatoria pública polo prazo mínimo dun mes, que deberá de facerse necesariamente durante o período lectivo, co obxectivo de acadar a maior difusión posible, para que poidan acceder todas as persoas que cumpran os requisitos do apartado anterior.

3. Unha vez recibidas as solicitudes coa súa documentación, o dito colexio fará unha proposta de bolseiros en atención aos seguintes criterios:

- Valoración das circunstancias económicas da unidade familiar.
- Valoración do expediente académico do solicitante.

4. A devandita proposta, que será motivada, recollerá as persoas ás que o colexio pretenda outorgar ou denegar as bolsas e o importe e contía destas.

5. Despois de asinado o convenio, a Deputación comprobará e revisará a aplicación dos criterios de admisión e valoración dos beneficiarios das bolsas feitas polo colexio á vista da proposta formulada por este. A Deputación poderá validar a comprobación realizada pola comisión técnica integrada polos representantes financiadores públicos previstos (Xunta de Galicia e outras deputacións provinciais galegas).

6. Do resultado desta análise e comprobación dos expedientes, a Deputación ou, se for o caso, a comisión técnica aludida no parágrafo anterior, emitirá un informe dando a súa conformidade ou facendo as observacións oportunas sobre a aplicación dos anteditos criterios de admisión e valoración, sen prexuízo da posibilidade de pedir cantos documentos e aclaracións sexan precisos para a emisión do informe.

7. A Fundación Galicia América ditará resolución de concesión das bolsas, de conformidade co informe anteriormente mencionado, e remitirá ambos os dous documentos á Deputación Provincial da Coruña para a tramitación do pagamento da achega provincial.

8. A Fundación Galicia América obrígase ao cumprimento das obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

9. As posibles reclamacións que se poidan producir, presentaranse no Colexio Santiago Apóstol de Bos Aires e resolveraa a Fundación Galicia América despois do informe a que se fai referencia no apartado 5 anterior.

V. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

VI. XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. A achega da Deputación seralle aboada á entidade beneficiaria, unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Informe ao que alude a cláusula IV.5, sobre a comprobación e revisión da aplicación dos criterios de admisión e valoración dos beneficiarios das bolsas feitas polo colexio, á vista da proposta formulada por este.
- Resolución da Fundación Galicia América, de concesión das bolsas aos solicitantes, nos termos expostos na cláusula IV.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula VIII.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

2. Non será posible expedir un pagamento anticipado se a entidade beneficiaria ten pendente de xustificación unha cantidade anticipada con anterioridade para a mesma finalidade ou para outras finalidades e, finalizado o prazo previsto, non se presentara a xustificación correspondente.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas nas cláusulas anteriores, deberán estar rematadas e xustificadas antes do 30 de xuño de 2010.

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se recibise ningunha xustificación, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades establecidas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 54.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

3. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación subministrada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL

1. A entidade beneficiaria deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, que está ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, da Comunidade Autónoma de Galicia e coa Seguridade Social. E para tal fin poderá autorizar á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao, de oficio, esta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos para o pagamento das bolsas concedidas segundo os xustificantes presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a entidade beneficiaria deberá contar, polo menos, cun rexistro cronolóxico de cobramentos e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos pagamentos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co establecido na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas establecidas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2. Sen prexuízo do anterior, o antedito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións establecido nas normas citadas.

3. De conformidade co disposto na Base 54.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción establecida na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento co disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no citado precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento co disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á entidade beneficiaria será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. A vixencia deste convenio será desde o día seguinte ao da súa sinatura ata o 30 de xuño de 2010. Non obstante o anterior, a achega económica poderá financiar as accións realizadas para o cumprimento do obxecto do convenio dende o 1 de xaneiro de 2009.

2. Previa solicitude da entidade beneficiaria, realizada, polo menos, dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderase prorrogar por acordo expreso de ambas as dúas partes, tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias establecida na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da antedita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

“E, en proba da súa conformidade, as partes comparecentes asinan o presente convenio en exemplar cuaduplicado, no lugar e data indicados no encabezamento”.

POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA POLA FUNDACIÓN GALICIA AMÉRICA
CORUÑA O presidente
O presidente

Salvador Fernández Moreda

Roberto Varela Fariña”

ROGOS E PREGUNTAS

Sr. Gacio Vázquez

Moi bo día, Sras. e Sres. deputados, a deputada do Grupo Popular, Esther González ten unha pregunta e eu quero aproveitar a ocasión, porque despois o presidente non me deixa falar, tamén para felicitar as festas a todos e que na espera e na procura de que o ano que vén, que aínda que é un ano malo, sexa tamén un ano importante para os municipios, para os municipalistas e, sobre todo, para os señores deputados e o Sr. presidente.

Sr. presidente

Moitas grazas, Sr. Gacio, pero home, non me diga que non lle deixo falar. Ten a palabra a Sra. González.

Sra. González Vázquez

Bo día a todos e a todas. Cunha soa intervención, Sr. presidente, quero facer dúas preguntas que me gustaría que se tivesen en conta o máis axiña posible.

Cando se acaba o ano non podemos estar nin medianamente satisfeitos do realizado. A chegada dun novo ano e coa previsión de que este terá tamén importantes dificultades, lévame a pedir o máximo rendemento nos labores de goberno, non estou dicindo con iso que non se faga e que non se fagan cousas desde esta Deputación, pero debemos traballar escoitando sempre aos cidadáns, atentos sempre ás súas mínimas cuestións, receptivos ás súas propostas, en definitiva, de maneira eficaz e eficiente. O noso labor como oposición, como xa acaba de dicir o Sr. Gacio, vai ser sempre de lealdade institucional e de busca de consensos, pero o novo ano non trae nada feito, máis ben ao contrario. Cunha alta taxa de desemprego na provincia, os esforzos polo benestar dos cidadáns deben estar redobrados, nada é suficiente e todo cómpre para o novo ano, e neste sentido vai seguir sendo o noso traballo. É por iso que, escoitando aos veciños, traio a inquietude destas dúas cuestións.

Por un lado, a obra do porto exterior está causando importantes desperfectos nas estradas polas que están transitando camións de gran tonelaxe, algunhas destas pertencen á Deputación. É polo que lle rogamos que se inste á empresa que realiza as obras que repare e contribúa ao mantemento destas estradas en condicións óptimas e seguras para todos. Os veciños actualmente encóntranas cheas de fochancas, despintadas e en moitos tramos con importantes deficiencias. Os veciños reclaman máis atención, xa que non viron por alí xamais a ninguén desta Deputación interesándose por esta cuestión.

E doutra banda, unha segunda pregunta sería que entre os novos desexos para o 2010 rogo ao goberno da Deputación que se realice un estudo polo miúdo, xunto coa Dirección Xeral de Seguridade do Goberno de España co fin de detectar novos puntos negros na circulación que, por desgraza, están aparecendo, ademais de proceder á súa perfecta sinalización. Son varios os municipios que queren esta revisión xa que, aínda que algúns destes lugares non foron de accidentes con vítimas mortais, si son lugares dun número suficiente de choques que poden ser susceptibles de seren indicados como zonas especialmente perigosas.

En definitiva, o novo ano ten que ter máis e mellor traballo, e para iso sempre encontrará, por suposto, ao Partido Popular. Moitas grazas.

Non habendo máis asuntos dos que tratar remata a sesión, sendo as doce horas e vinte minutos, procedéndose a redactar a acta e autorizándose a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. Presidente, de todo o cal, eu, o secretario, dou fe.